

Antonio Reigosa Carreiras acadou onte o premio Raíña Lupa de literatura infantil convocado pola Deputación da Coruña polo libro 'Resalgario en Trasgalicia', que presentou co lema de 'Cando o demo anda ceibo'. A dotación é de un millón de pesetas amais da edición do libro.

Trasgalicia

Antonio Reigosa logra o Premio Raíña Lupa de Literatura infantil cunha narración sobre a peregrinación a Compostela

O finalista do premio foi o ferrolán Antonio Yáñez Casal polo libro *Don Cosme e o telegrama amarelo*. O xurado estivo presidido pola profesora de literatura da Universidade de Santiago María Teresa Vilaríño acompañada por Silvia Gaspar, Andrés Sobrino, Manuel Rodríguez e o gañador do pasado ano, Mario Pereira.

Canosa, escritor ben coñecido, tanto pola súa produción de ficción como o conto *Memorias dun raposo* que lle valeu o premio Merlín de Edicións Xerais, como polas súas investigacións sobre a literatura de tradición oral galega, explicou que "a historia gañadora é unha fantasía na que un fillo do demo maior é castigado a peregrinar a Compostela e a choca-la súa testa contra a do santo dos croques. Durante o camiño xórdenlle moitas aventuras coa xente que se atopa e incluso se namora. Anque todo é imaxinación do autor, tamén aparecen algunhas situacións xurdidas da tradición oral".

Considera Reigosa que o libro "de acordo coas bases foi escrito para os cativos, pero eu sempre penso que unha obra para nenos pode servir tamén para os maiores; non así os libros exclusivamente de maiores, que non os poden ler os rapaces".

Dentro da obra de Antonio Reigosa, e fóra da propia creación, son subli-



O Camiño de Santiago, elemento protagonista da obra de Reigosa

ñables os traballos de investigación sobre as narracións orais de Galicia feitos en colaboración con Xosé Miranda e Xoán Cuba e publicados por Edicións Xerais como *Cabalo de Buligán* e máis recentemente o *Diccionario de seres míticos galegos* do que está a punto de saír a terceira edición "porque afortunadamente tivo moi

boa acollida". Nun futuro inmediato publicarase o libro *Contos colorados* no que os mesmos Reigosa, Cuba e Miranda recollen 290 historias tamén de tradición oral, pero con contido erótico "das que se contaban nas tascas".

O escritor tamén prepara algo de literatura de ficción "pero aínda é cedo para falar dese proxecto

que, en todo caso, seguirá dedicado igualmente ós nenos".

Co gallo da concesión deste premio, a deputación da Coruña programou para o venres 29 e sábado 30, nos xardíns de Méndez Núñez, en horario de 11,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00, o espectáculo de rúa *Xoguemos*, a cargo do Teatro Cege Se-

rrat, no que a combinación de contos, música e xogos, converten todo o contorno nunha gran festa. Trátase dunha proposta activa e innovadora que pretende recupera-los xogos e as historias populares nas prazas e rúas das nosas cidades.

.....
A CORUÑA
Albino Mallo